

O+M: imos vendo as verdadeiras intencións da empresa

Detrás do que a empresa nos pretende vender no tema de O+M: recuperación de actividades, realización de actividades de maior valor engadido... Están as verdadeiras intencións, que non son outras que liquidar a operación e o mantemento dos equipos e darllo a contratas.

Analizando os movementos da empresa, pónense ao descuberto as súas intencións. Se a pretensión fose recuperar actividade de provisión, incrementaríase o número de traballadores, sen embargo os primeiros movementos pasan por reducir persoal en O+M, antes de realizar cálculo algún sobre canto persoal precisarían para asumir esas actividades.

Hai meses na Coruña anunciaron o pase de 7 OTPI de O+M ao CNAI, a mobilización fixo que se botasen atrás, en Asturias xa se desfizeron dun bo número de OTPI de O+M para pasalos ao CNAI e agora en Pontevedra sácanlle dous OTPI a O+M para darllos a outro departamento.

Hoxe por hoxe, hai moi pouca provisión de planta, motivada pola redución nas inversións, pero ademais cada día os equipos son máis compactos, máis versátiles e máis fáciles de instalar. Por outro lado cada vez máis clientes optan por montar equipos propios co cal a provisión se reduce a instalar un punto de acceso e pouco máis.

Por moito que nos queiran vender a actividade de provisión de planta, non semella unha actividade que precise de moita man de obra no futuro, por iso pensamos que a verdadeira intención é externalizar o mantemento.

Esta estratexia de redución constante de traballadoras e traballadores propios, substituíndoos por contratas con condicións de traballo moi precarias, ven de anos atrás e xa foi posta en marcha en moitos outros departamentos: comercial, I+M, loxística, planta exterior... Á empresa só lle faltaba meterlle man aos equipos para ir rematando o proceso.

A diferenza existente nesta externalización doutras, a máis de que se perdería o control dos equipos polo persoal propio, está na intención da empresa de liquidar o actual modelo de empresa. O perigo hoxe é que o paso seguinte vai ir contra o conxunto do cadro de persoal, empeorando as nosas condicións de traballo, tendo que asumir tarefas doutras categorías e modificando a actual estrutura salarial.

Telefónica pretende individualizar o traballo de cada un de nós, liquidando dese xeito a posibilidade da defensa colectiva e asentando prácticas sindicais semellantes ás desenvolvidas polos sindicatos verticais do franquismo.

A loita de O+M non pode ser un proceso illado, na Coruña están parando todos os OTPI dende decembro, na folga estatal, xa na quinta semana, hai provincias que teñen un porcentaxe de participación moi importante. O resto do persoal non podemos quedar parados.

Este proceso que ten posto en marcha a empresa vai contra todos e cada un dos traballadores e traballadoras, por ese motivo o vindeiro 27 de maio se iniciará unha folga convocada pola CIG e os outros sindicatos da Coordinadora de Burgos para tratar de parar á empresa e na defensa das nosas condicións laborais.

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.

Na páxina web tes os datos de participación.

Galiza, 21 de maio de 2009